

Paisaxe e identidade: Unha reflexión a través do pensamento galego

<https://doi.org/10.21814/uminho.ed.138.3>

Rocío Carolo Tosar

Resumo

A paisaxe, a partir del renacemento, deixa de ser unha peza ornamental para ocupar unha maior presenza e así formar parte da narrativa da construción da identidade. Mais a paisaxe esta intimamente imbricada co suxeito, sendo o resultado do encontro deste coa natureza. Sentimento e paisaxe van a constituír dous eidos fundamentais para a construción da identidade galega. Este traballo pretende amosar a importancia da paisaxe, ou mellor, o sentimento da paisaxe para a construción da identidade dende o pensamento galego.

Palabras clave

Paisaxe; sentimento; saudade; identidade.

É a paisaxe un devalar, lembrando a Otero Pedrayo, un devalar de ríos e vales, de historias e de tempo. A paisaxe ten o seu ritmos e os seus tempos que nos agariman, facendo de nós parte desa paisaxe infinita. Pero tamén o suxeito forma parte da construción deste, dende a nosa mirada, unha mirada afectiva da nosa vivencia da paisaxística, pois a meditación sobre a paisaxe o é sobre un sentimento (Fernández de la Vega 2009, p. 89). Este sentimento que abrolla vai constituír unha parte moi significativa na construción da identidade galega. Manuel María o expresa con fermosura cando di “Galicia é o que vemos:/ a terra, o mar, o vento.../ ¡Pero ha outra Galicia/ que vai no sentimento!” (Marías 2009). Paisaxe e sentimento serán dous piares fundamentais no discurso identitario e que estarán presentes no imaxinario dos poetas, escritores e pensadores galegos. Basta lembrar o tratamento da paisaxe por parte de Otero Pedrayo, a súa querida Bocarribeira¹; Vicente Risco e a súa concepción telúrica da saudade ao entendela como unha adoración a terra ou Castela cando vía ao sentimento saudoso como un camiñar de costas, camiño que Machado entendía como unha parte importante da paisaxe e a súa contemplación. Pero son os poetas quen mellor souberon darlle voz á paisaxe a través das súas verbas:

Eduardo Pondal (1935, p. 222)	Rosalía de Castro (1973, p. 323)
Eu nacin en agreste soedade, Eu nacin cabo d' un agreste outeiro, Pr' onde o Allons con nobre majestade, Camiña ao seu destino derradeiro. Eu non nacin en vila nin cidade, Mas, longe do seu ruido lisonjeiro; <i>Eu nacin cabo de piñal espeso,</i> <i>Eu nacin na pequena Ponteceso</i>	Un manso río, una vereda estrecha, un campo solitario y un pinar, y el viejo puente rústico y sencillo completando tan grata soledad. ¿Qué es soledad? Para llenar el mundo basta a veces un solo pensamiento. Por eso hoy, hartos de belleza, encuentras el puente, el río y el pinar desiertos. No son nube ni flor los que enamoran; eres tú, corazón, triste o dichoso, ya del dolor y del placer el árbitro, quien seca el mar y hace habitar el polo

No versos de Pondal e Rosalía amósanse os dous elementos esenciais para a elaboración da identidade do pobo galego: por un lado a paisaxe como fundamento identitario de cada un deles, non se trata dun elemento ornamental senón protagonista

¹ Bocarribeira é un termo exclusivamente oteriano que fai referencia á paisaxe entre Trasalba e O Ribeiro que este observaba dende a súa casa de Trasalba.

en ambos poemas; e por outro lado un sentimento que abrolla desa relación coa paisaxe: a saudade. Ámbolos dous se atopan imbricados resolvéndose como unha sorte de elemento constitutivo do ser humano que se descobre como un ser-arroxo-do-no-mundo, e como tal debe construírse dende o lugar que habita. Inevitable a lembranza da máxima Ortegiana: “eu son eu e a miña circunstancia, se non a salvo a ela non me salvo eu”, é mais, o filósofo español chegaba a apuntar que a nosa vida era un diálogo entre o espírito e o seu entorno. O individuo constitúese formando parte dun pobo, sentíndose identificado cos seus ríos, cos seus montes, cos seus vales e montañas, cos seus sons, cos arrecendos e os seus sabores. Sinala Ramón Piñeiro na voz “Galicia” da *Gran Enciclopedia Galega* (2003) que “A terra e a lingua son as dúas raíces máis profundas da comunidade social galega, as que lle dan conciencia da súa identidade e da súa unidade”. Dous eidos: por un lado a terra, a paisaxe, unha humanización amorosa do ser humano; e por outro a nosa lingua, elemento fundamental para a nosa cultura, serían as raíces existenciais do pobo galego.

Entre os trazos característicos de toda cultura está o de ser simbólica, aprendida e histórica, polo tanto, a linguaxe vai ser o resultado da necesidade imperiosa do ser humano de transmitir a seu ser, a súa forma de ver o mundo e de relacionarse con el, i.e. a súa autorrealización. Considera Piñeiro que “a linguaxe é un concepto que só ten realidade nas linguas. E as linguas, cada lingua, son o medio de expresión e de comunicación do home, ou sexa, son a substancia viva da creación cultural, polo mesmo, da propia realización do home” (Piñeiro 2008a, pp. 92-93), e continua afirmando que

somos unha desas unidades naturais en que a humanidade se realiza. Somos unha desas formas de expresión do pulo creador da vida humana. Porque somos un pobo dotado dunha lingua e, polo mesmo, dunha cultura, somos unha realidade orixinal dentro do patrimonio humano (Piñeiro 2008a, pp. 95-96).

A linguaxe, polo tanto, descóbrese como medio de transmisión de cultura e ademais como parte da propia cultura do pobo, distinguindo dúas dimensións dentro desta creación cultural das linguas: a dimensión oral que é fundamentalmente colectiva, e a dimensión escrita que é fundamentalmente individual (Piñeiro 2008b, pp. 253). Sempre tendo presente que esta individualidade, na medida en que sexa posta en mans da comunidade, formará parte do patrimonio cultural colectivo. O pensador de Lámbara ve a paisaxe como unha tensión entre a paisaxe e o individuo, sen necesidade de ser ruda nin contra natura, sendo a paisaxe galega o resultado do traballo do homes e mulleres galegos ao longo de xeracións. Implica unha realización do ser humano, xa non como mero espectador que se sente interpelado, senón como suxeito activo. E a grande “epopea do pobo galego” resultado, segundo el, da loita do ser humano coa natureza. Lembremos que a paisaxe é a humanización amorosa do ser humano, esta loita da que aquí falamos é unha loita apracible, suave ou temperada.

Un pobo pode afirmar e reafirmar a súa personalidade propia grazas ao ser idioma ou lingua e a súa cultura. Neste senso os representantes da xeración Galaxia pretendían espertar a conciencia de todos os galegos e galegas, para que así traballando xuntos,

poidan desenrolar a súa potencialidade individual, contribuíndo a aumentar a cultura. De xeito que, tendo presentes as palabras de Miguel Barros: “sen lingua e sen cultura no hai pobo nin tampouco comunidade” (Barros 2009, 18), a tarefa encomendada será a de preservar o patrimonio cultural e idiomático dos nosos devanceiros, e contribuír a afirmala e incrementala.

Mais que relación ten isto coa paisaxe? Porque a paisaxe faise presente en tanto en cando é representada como froito dese proceso cultural, tal é como apunta María López Sandez en *Paisaxe e Nación* (2008, p. 49). E esa representación prodúcese na medida en que esa paisaxe é sentida como parte dos sentimentos do individuo. Neste senso, e regresando unha vez máis ao autor de Láncara, o sentimento descóbrenos como unha forma de coñecemento, percibimos a paisaxe ao sentila, e a representamos na súa conceptualización. Máis cal pode ser ese sentimento? Segundo Anxel Fole son dúas as actitudes que emerxen ante a paisaxe: a tristeira ou melancólica e a leda, o que nos leva a considerar, seguindo ao mesmo autor, que “todo fondo sentimento da Natureza é un sentimento saudoso” (Piñeiro 2003). Neste senso é inevitable non lembrar a obra de Bernardim Ribeiro, *Menina e Moça ou Saudade* (1984) onde o poeta leva a cabo una representación natural da saudade. A saudade encarnase na figura do reiseñor e o seu canto docemente-amargo.²

Paisaxe e saudade, saudade e paisaxe. Como non lembrar a saudade como relixión espiritual da Terra de Rodríguez González, a saudade do deserto e da montaña de Noriega Varela, a saudade dos vales riseiros de Lugo Freire, a saudade das grutas douradas da costa bravía de López Abrente, a saudade de mar de Orzán de Fernández Merino, a saudade dos campos verdescentes de Suárez Pedreira ou a saudade dos gaiteiros ou alalás de José Moar?

Cando falamos da saudade, estamos falando dun anaco da nosa cultura, e con ela buscamos esa identidade propia que crea a cohesión dentro dun pobo. Mais, así como cando tratamos de definir a literatura, a arte ou o folclore dun lugar concreto non se dubida a súa individualidade, cando falamos da filosofía atopámonos con esa pretensión universalista da razón filosófica que pretende afastase de toda singularización concreta. A filosofía no pode nin debe reducirse a pura racionalidade, porque o ser humano tampouco se pode reducir a súa racionalidade. Tal e como se ven amosando, o ser humano é unha conxunción entre razón e sentimento que, neste caso particular, se imbrican na paisaxe para a construción da identidade. A filosofía polo tanto:

(...) non é un simple problema teórico que xorde e se desenvolve senlleiro dentro dos lindeiros ideais da razón, senón unha necesidade íntima da totalidade do ser humano, tan fondamente humana que a súa evolución histórica non é máis que o camiño seguido polo espírito do home no seu perenne

² Bernardim Ribeiro non vai a ser o único autor que empregue ao Reiseñor como símbolo da saudade, tamén o fará Teixeira de Pascoaes no seu poemario *Sempre* (1997); e en Galicia, Ramón Cabanillas usará esta metáfora no seu Discurso de entrada na Real Academia Galega (1920) ou Manuel Fabeiro Gómez nun poema dedicado a Rosalía de Castro (1975).

peregrinar trala verdade en procura dunha seguranza metafísica á que non pode renunciar malia que non a chegue a conseguir plenamente (Piñeiro 2009a, p. 25).

Neste senso, sería un erro concibir a filosofía como un corpo sistemático de pretensión metafísica, porque isto significaría que é allea a aptitude espiritual de cada pobo concreto. Comezamos a filosofar dende o noso Eu, que é un estar particular do mundo, un eu vivindo, e dende aí procuramos entender o mundo. Esta debe ser a filosofía que debe estar presente, unha que sen renunciar a certa universalidade, parta dende a particularidade. Dinos Piñeiro (2009b, pp. 371-372):

Un pobo é tal verdadeiramente cando ten cultura de seu, cando ten unha personalidade colectiva propia, capaz de dar resposta orixinal, xenuína, ás esixencias que xorden do espazo mais do tempo en que vive. Porque os pobos, como as persoas individuais, teñen que se desenvolver na historia e nun determinado medio natural. Teñen que asumir o ser espazo – a súa “terra” – e teñen que asumir o seu tempo – a súa “historia” (...)

Neste punto e tomando en consideración o dito ata aquí, compre preguntarnos cal é a personalidade de Galicia a que instan a reafirmar os pensadores de Galaxia para poder recuperar a plenitude da súa identidade. Esta non pode ser outra que a do sentimento, mais concretamente, o sentimento de saudade. Pero a elección non é baladí senón que responde as circunstancias nas que estaban inmersos. A elección da saudade non podía ser outra primeiro porque responde a carencia de conciencia colectiva por parte do pobo galego posto que o eido cultural colectivo veuse asoballado polo plano institucional do reino de castela que o diluíu nunha identidade que non definía o pobo. De aí a afirmación do de Lánacara: “A filosofía ha de fundarse no coñecemento do ser do home; ese coñecemento atínguese orixinalmente por unha vivencia sentimental” (Piñeiro 2009a, p. 32). E segundo porque era un elemento que, a pesar da gran significación para o pobo galego, quedará esquecida dende o pensamento filosófico. Por todo isto a saudade, erguese como elemento capital para definir a alma galega, e ademais servirá como columna vertebral para defender a existencia dunha filosofía galega. O galego na súa oralidade serve como medio de comunicación tanto das súas ideas, como do seu desexar ou sentir; pero ademais de esta, as linguas teñen a súa expresión escrita, posibilitando novos horizontes para a expresión cultural.

De esta forma atopamos en Rosalía, a poeta que abriu este traballo, o xerme do que será o ensaísmo galego ao redor da paisaxe. Ela nos seus versos soubo plasmar como ninguén a paisaxe galega, é máis, o tomou como unha afronta ante aqueles que lle facían mofa, basta lembrar o prólogo de *Cantares Gallegos* (1973, pp. 16-17):

Cantos, bágoas, queixas, sospiros, seráns, romerías, paisaxes, devesas, pinares, soidades, ribeiras, costumes, todo aquilo, en fin, que pola súa forma e colorido é dino de ser cantado, todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquiera, i anque sea torpemente, ós

que sin razón nin coñecemento algún nos despresan, que a nosa terra é dina de alabanzas, e que a nosa lingua non é aquela que bastardean e champurrán torpemente nas máis ilustradísimas provincias cunha risa de mofa.

As súas verbas agochan ese sentimento da paisaxe do que vimos falando, ela soubo debuxar con palabras as riquezas agochadas en cada recanto da natureza, “o poeta da paisaxe a non saber se a natureza está fora ou está dentro da súa lama” (Fernández de la Vega 2009, p. 116). Basta con lembrar tan só as primeiras e últimas estrofas dun dos seus poemas máis coñecidos (1973, pp. 69-71).

Adiós ríos, adiós fontes	¡Adiós tamén, queridiña...
adiós, regatos pequenos;	Adiós por sempre quizáis!...
adiós, vista dos meus ollos,	Dígoche este adiós chorando
non sei cando nos veremos.	desde a beiriña do mar.
Miña terra, miña terra,	
terra donde m'eu criei,	Non me olvides, queridiña,
hortiña que quero tanto,	si morro de soidás...
figueiriñas que prantei.	tantas légoas mar adentro...
	¡Miña casaña!, ¡meu lar!
Prados, ríos, arboredas,	
pinares que move o vento,	
paxariños piadores,	
casíña d'o meu contento.	

Se en Rosalía nos encontramos co xerme do ensaismo galego, corroborando que a nosa lingua tiña e ten a capacidade para todos os xéneros literarios, e polo tanto tamén o ensaio (algo que quedará claro coa tradución e publicación *Da esencia da verdade* de Heidegger por parte de Celestino Fernández de la Vega e Ramón Piñeiro). O propio Piñeiro vai a pensar na Saudade como elemento característico do ser galego para o primeiro número dos cadernos Grial, así *Presenza de Galicia* abriuse co texto do de Lánacara “Significado metafísico da saudade”.³ Paisaxe e saudade unidas de novo nos autores da xeración Galaxia⁴.

Tal e como comentamos anteriormente, Piñeiro vai poñer o centro da reflexión filosófica a saudade, pois na súa obra autobiográfica advirte “que o tema da saudade era unha dimensión humana que quedaba marxinada do pensamento filosófico, pois

³ A saudade vai ser o elemento grazas ao cal os membros da xeración Galaxia ven o renacer da cultura galega e ademais establecer ese lazos co europeísmo. É precisamente o fan dende unha postura pública e legal a través das publicacións da editora. Non é azaroso o feito que o artigo que abre o primeiro número da *Colección Grial*, sexa “Significado metafísico da saudade” do pensador de Lánacara, número que levaba por título *Presencia de Galicia* (1951).

⁴ Este interese pola paisaxe vaise materializar na publicación do monográfico *Paisaxe e Cultura* (1955).

este era moi racional, moi conceptual, moi interesado na obxectividade, pero que prescindía da intimidade e do mundo interior” (Piñeiro 2002, p. 107). Será este o xiro na proposta filosófica do pensador de Láncara que tiña unha fonda preocupación polo coñecemento dese mundo interior que serve de chave para que se produza un verdadeiro coñecemento obxectivo. O ser humano xa non só se caracteriza por ser un animal racional, senón tamén como un *homo patiens*, un ser sentinte, é nese plano sentimental onde vaia descubrir o seu Ser. Era necesario, tal e como, facer esa reafirmación da personalidade galega, sendo precisamente o sentimento de saudade o que mellor a define ao entendela como o símbolo de Galicia, como o aceno de identidade da alma galega, marcando a diferenza co hispanismo castelanista e o noso vínculo co europeísmo. Ramón Piñeiro, pero tamén os pensadores da xeración Galaxia levan a saudade máis alá da significación filosófica. Esta vai a ser o núcleo central do pensamento de Piñeiro posto que a súa filosofía, e incluso a filosofía galega, non podía asentarse nun plano que non fose o individual. O pensador de Láncara avoga por esta porque non pode obviar o imaxinario colectivo da Galicia do seu tempo. A saudade, xa que logo, vaise erguer como elemento definitorio da alma galega, constituíndo deste xeito a columna vertebral da súa filosofía, pero ademais acada ese estatus de símbolo (*symbolum*) no seu uso máis primitivo do termo. A saudade como símbolo serve de “contrasinal” entre a Galicia Interior e a Galicia Exterior, pero é máis, incluso con aqueles pobos cos que eles se sentían irmandados como Portugal ou Brasil.

As primeiras reflexións sobre a saudade do pensador de Láncara prodúcense durante a súa estadía no cárcere de Alcalá de Henares en 1946, ofrecéndonos unha primeira aproximación a súa definición. Concibe a saudade como un estado sentimental sen obxecto onde o ser humano está virado cara súa propia intimidade e se perde nas profundidades sentimentais do seu ser, abstraéndose completamente do mundo exterior sumíndose na completa soidade. Estase marcando a nota distintiva da saudade con respecto ao resto de sentimentos e incluso ás outras formas de coñecemento. A saudade, a diferenza da vontade e o intelecto, é un coñecemento que non está caracterizado pola dualidade suxeito-obxecto, senón precisamente pola ausencia de obxecto. Temos a un suxeito que se atopa totalmente virado cara si mesmo e polo tanto sen nada que poida remitirnos a realidade, tal e como ocorre coa vontade e o intelecto, ou con outros sentimentos como a morriña ou a melancolía que irremediabilmente nos remiten á fonte dese sentimento. Fronte a esta realidade estará o coñecemento do propio ser. Esta insistencia por parte de Piñeiro en recalcar que a saudade como soidade ontolóxica carece de obxecto parece responder primeiramente á asunción da concepción fenomenolóxica existencialista onde o fundamento do ser do individuo debe ser de carácter sentimental, tal e como apuntamos, pero sen estar vinculado a unha vivencia concreta; e por outro lado, ofrecer unha nova lectura da saudade que se demarca das que lle precederon, pois segundo el, son de carácter psicoloxicista ao presentarnos non a saudade mesma senón as diferentes formas da saudade, i.e. vinculadas a un obxecto causante dese sentimento saudoso. Este dobre feito propicia que Piñeiro afirme esa carencia de obxecto da saudade pero non porque non o haxa, que o hai: o Ser; senón porque debe poñer o énfase no propio sentimento, e polo tanto o propio suxeito que o sinte. O verdadeiramente importante

no sentimento saudoso non é tanto o obxecto ao que vai referido, posto que polo carácter mesmo do Ser este gusta de ocultarse, dispase, non se mostra con nitidez; senón “esa negación [de obxectos concretos] vai dirixida precisamente a afirmar a presenza suprema, a do Ser” (Teijeiro 1986, p. 63). É preciso, polo tanto, ofrecer una definición do que Piñeiro entende por saudade nos distintos escritos que conforman *Filosofía da saudade* (2009a) e onde o pensador de Láncara abordou directamente a cuestión, coa pretensión de ofrecer unha definición o máis precisa posible do que é este sentimento a través da mirada do pesador de Láncara:

- “Significado metafísico da saudade”: vivencia espontánea da pura intimidade.
- “A saudade en Rosalía”: vivencia sentimental que o ser humano ten da súa soidade con respecto ao ser.
- “Para unha filosofía da saudade”: sentimento puro da relación entre o ser do home mailo Ser.
- “A filosofía e o home”: viramento do home sobre o seu ser
- “Saudade e sociedade, dimensión do home”: sentimento máis profundo da nosa intimidade, é dicir, soidade interior do noso ser.

Tal e como se pode apreciar, todas e cada unha das definicións son moi semellantes e parecen apuntar a unha única definición: vivencia sentimental da pura intimidade que conduce ao ser humano a un coñecemento da súa soidade ontolóxica, ou o que é o mesmo do coñecemento do Ser. A singularidade ontolóxica do ser humano descóbrese como unha sorte de inmanencia, sen esquecer que o propio suxeito debe encontrarse en disposición para este viramento para que se poida producir, facendo necesarias todas facultades pero é a saudade a que salva a súa individualidade da universalidade e do absoluto, actuando como una especie de principio de individuación. Neste punto a saudade como núcleo distintivo da alma galega acada o seu carácter metafísico.

Agora ben, como podemos relacionar esta saudade de carácter ontolóxico coa paisaxe? Ao comezo da nosa conversa apuntamos a que a paisaxe existe en tanto en canto os vemos afectados por ela, ou o que é o mesmo, é necesario un suxeito que a perciba, a sinta e a exprese conceptualmente, pois aquilo que non se nomea semella non existir. Isto significa que a concepción da paisaxe non é algo obxectivo senón subxectivo, pois depende do suxeito que a perciba, ou mellor que a sinta. O mesmo que sucede coa saudade que lonxe de ser obxectiva, descóbrese como falta de obxecto virada cara propia intimidade. Máis como é posible isto no caso da paisaxe? Acaso non estamos ante unha saudade obxectiva? Iso sería quedarnos no plano máis superficial da paisaxe, “o sentimento da paisaxe non é a saudade, mais está fortemente vencellado a ela” (Fole 1962). A paisaxe é un diálogo espiritual coa natureza, tal e como asegura Celestino Fernández de la Vega, e ese diálogo xorde en tanto en canto se produce ese viramento cara a propia intimidade, cara o mundo interior, “o mundo propio do sentimento, da ‘vida interior’, do recordo, do amor, da música, da vivencia da paisaxe, da ‘saudade’, da tristura e da ledicia” (Fernández de la Vega 2009, p. 93). Cando falamos de sentir a paisaxe non só é vela, ou arrecendela, senón que é sentirse illado fronte dela, case nun estado contemplativo de perfecto vencello entre nos

e o seu ser: “En ningún sitio, amada mía, habrá mundo senón no interior” clamaba Rilke na súa *Sétima Elexía*.

Tras isto as palabras de Piñeiro na voz Galicia da *Gran Enciclopedia Galega* cobran especial significación: a terra e a lingua, representada neste caso por algo tan noso como é a saudade, son as dúas raíces da comunidade social de Galicia e que lle outorgan a súa identidade e unidade. Pois a saudade é a expresión do sentimento da paisaxe. Somos un pobo con unha lingua, unha historia, unha cultura, unha filosofía, un sentimento propio e unha paisaxe. Debemos definir a nosa identidade cultural porque iso significa definírnos a nos mesmo, posto que esta cultura galega desenvolveuse nun espazo determinado que é a nosa terra, na nosa paisaxe que nos fai únicos e diferentes, é dicir, define a nosa identidade.

Con Rosalía de Castro, corpo santo da saudade segundo Ramón Cabanillas, comezamos este traballo e con ela quixera rematar, citando un poema que recolle todo o aquí exposto: paisaxe, saudade e identidade:

Algúns din ¡miña terra!
 Din outros ¡meu cariño!
 I este, ¡miñas lembranzas!
 I aquel, ¡jou, meus amigos!
 Todos sospiran, todos,
 por algún ben perdido.
 Eu só non digo nada,
 eu só nunca sospiro,
 que o meu corpo de terra
 i o meu cansado espírito,
 adondequer que eu vaia
 van comigo.

(Rosalía de Castro 1973, p. 167)

Bibliografía

- Barros, M. (2009). *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo* (vol. I). Galaxia.
- Fabeiro Gómez, M. (1975). Falo de Rosalía, in AA.VV., *Presencia de Rosalía. Homenaxe no noventa cabodano do seu pasamento*. Patronato Rosalía de Castro.
- Fernández de la Vega, C. (2009). *Ensaíos a proba do tempo*. Galaxia.
- Fole, A. (1962). Paisaxe e Saudade. *Vieiros*, T. 2.
- María, M. (2009). *Os soños na gaiola*. Xerais.
- Pascoaes, T. de (1997). *Belo. À minha alma. Sempre. Terra Proibida*. Assírio & Alvim.

Piñeiro, R. (2002). *Da miña acordanza*. Galaxia.

Piñeiro, R. (2003). Galicia, in *Gran Enciclopedia Galega*. El Progreso/El diario de Pontevedra.

Piñeiro, R. (2008a). *A linguaxe e as linguas*. Galaxia.

Piñeiro, R. (2008b). *Olladas no futuro*. Galaxia.

Piñeiro, R., (2009a). *Filosofía da saudade*. Galaxia.

Piñeiro, R. (2009b). *O espertar da conciencia galega. Galeguismo, cultura e identidade*. Galaxia.

Pondal, E. (1935). *Queixumes dos pinos e Poesías inéditas*. Real Academia Galega.
<https://publicacions.academia.gal/index.php/rag/catalog/view/22/20/426>.

Ribeiro, B. (1984). *Menina e Moça*. Comunicação.

Rosalía de Castro (1973). *Poesías*. Patronato Rosalía de Castro.

Teijerio, L. (1986). *A Saudade*. [Memoria de licenciatura no publicado]. Universidad de Santiago de Compostela.